



COLEXIO SAN NARCISO

PP. PAÚLES

Aptdo. 19 - Teléf. 986 881 408

cprsannarciso@edu.xunta.es

36900 MARIN (Pontevedra)



ANEXO II ao PLAN DE ORIENTACIÓN
PLAN DE ORIENTACIÓN
ACADÉMICA E PROFESIONAL
CURSO 2008-2009

INDICE

	Pax.
1 PRESENTACIÓN.....	2
2 PRINCIPIOS XERAIS.....	2
3 OBXECTIVOS.....	3
4 ACTUACIÓNS COMÚNS A TODOS OS CURSOS.....	4
5 ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS POR CURSO.....	7
6 CONTIDOS DE EDUCACIÓN SOCIO-LABORAL.....	8
7 COORDINACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.....	11
8 RECURSOS E MATERIAIS.....	11

1. PRESENTACIÓN

O Plan de Orientación é un dos documentos de traballo integrados no Proxecto Educativo para dar, dende o noso centro, unha resposta axeitada e de calidade á complexa realidade educativa actual. A LOE, entre as funcións do profesorado, cita: “La orientación educativa, académica y profesional de los alumnos, en colaboración, en su caso, con los servicios o departamentos especializados”. Supérase a concepción da orientación unicamente como axuda externa puntual aportada polo experto, e téndese ao concepto de orientación como actuacións que se desenvolven dentro da actividade educativa e inxeridas no contexto económico e cultural no que se desenvolve o individuo, contexto descrito no punto dous do Plan de Orientación.

Con esa meta presente e cos datos da retroalimentación das memorias dos titores e do propio departamento, das directrices do Equipo Directivo e da CCP, e da contextualización da Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Centros e Ordenación Educativa e de Formación Profesional e de Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións sobre actuacións e accións prioritarias ata finalizar o período de implantación da LOE que teñen como eixo o desenvolvemento de actuacións concretas referentes á **orientación vocacional e profesional**, para o curso 2008-2009, artellamos este plan.

2. PRINCIPIOS XERAIS

1º. Este plan é a parte do PC no que especificamos as actuacións que desenvolveremos para facilitar a autoorientación do alumno. A nosa responsabilidade orientadora consiste en facilitar na medida do posible os medios e axuda educativa necesaria para que o alumnado afronte axeitadamente a tarefa de coñecer e elixir os mellores camiños para a súa realización persoal tomando decisións responsables ao longo das distintas etapas educativas con respecto ao seu futuro académico e profesional. Deixamos claro entón que a nosa finalidade non é a de dirixir aos alumnos cara uns camiños ou outros; é conseguir unha orientación marcadamente educativa, como un proceso de desenvolvemento das capacidades necesarias para que poida ser o propio alumno o que tome as súas decisións libres e responsables tanto no momento actual como ao longo da súa vida.

2º. As actuacións orientadoras van encamiñadas tanto a facilitar a elección no espacio de optatividade e dos itinerarios académicos para continuar no sistema educativo como a facilitar a inserción laboral e profesional dos xoves que dan por rematada a súa formación.

Entendemos a acción orientadora como un proceso que é necesario desenvolver ao longo de toda a escolaridade. Eso sí, sabendo que hai momentos e tramos nos que a orientación académica e profesional adquire unha especial relevancia ao ter que facer o alumno eleccións que poden condicionar claramente o seu futuro académico e profesional. Consecuentemente faremos fincapé nos cursos 3º, 4º da ESO. 1º Bacharelato e 2º de Bacharelato polas seguintes razóns:

- 3º ESO, porque vemos necesario consolidar a estrutura organizativa dos vieiros existentes, e os previstos pola LOE e a correspondente adaptación autonómica, no centro en 4º ESO.
- En 4º ESO porque constitúe o último curso da ESO (curso de orientación académica e profesional postobligatoria), e a elección axeitada dos alumnos/as entre as distintas alternativas que teñen será determinante para o seu futuro.
- Igualmente a lexislación vixente ao respecto fai necesaria a implantación dun programa de orientación nese curso para poder confeccionar un informe orientador.
- No caso dos alumnos de 1º de Bacharelato porque a elección de optativas no 2º curso será determinante na posterior elección de estudos superiores.

- No caso dos alumnos de 2º Bacharelato porque é o último curso que permanecen no centro e as opcións académicas ou profesionais polas que opten serán determinantes para o seu futuro.

4º. A orientación académica e profesional irá encamiñada fundamentalmente a que os alumnos aprendan os mecanismos dos procesos de toma de decisións:

- Coñecemento de si mesmo: personalidade, carácter, relacións, valores, expectativas, intereses, capacidades intelectuais e recursos persoais.
- Coñecemento axeitado das diversas opcións educativas e laborais e dos vieiros que se abren ou cerran en cada opción.
- Coñecemento da vinculación dos distintos estudos co mundo laboral, as súas características básicas e esixencias.
- Uso de estratexias e habilidades de decisións (identificar o problema, clasificar alternativas, valorar as súas consecuencias positivas e negativas, sopesar e decidir).

5º. A titoría grupal será a vía máis específica para desenvolver os contidos da orientación académica e profesional, pero tendo moi presente que moitos dos contidos están inxeridos, adquirense, duna ou outra maneira, no marco do currículo, a través das aprendizaxes promovidas dende as distintas áreas/materias. No bacharelato serán sesións específicas co alumnado en momentos relevantes do curso e a titoría personalizada co titor e/ou co orientador. Deste xeito, especificámos as actuacións a seguir en tres liñas diferenciadas, pero complementarias: acción titorial, outras actividades específicas e as propias programacións didácticas.

6º. O desenvolvemento do POAP é coordinado pola xefatura de estudos, desenvolvido polos titores coa colaboración e apoio do orientador, que é o responsable da súa elaboración e encárgase de proporcionar soporte técnico ás actividades que, de forma programada e sistemática, se realizan no centro.

3. OBXECTIVOS

En correspondencia cos fixados no punto 6.3 do Plan de Orientación especificamos:

<i>Obxectivos Xerais</i>		<i>Responsable</i>	<i>Implicados</i>
1	Promover a organización global das funcións de orientación académica e profesional que se desenvolven no centro apartando criterios e liñas de traballo prioritarias dentro do POAP.	Orientador E. Directivo CCP	Claustro
2	Participar na mellora continua da orientación académica e profesional desenvolvida no centro, promovendo a avaliación das diversas actuacións.	Orientador X. de Estudos	E. Directivo Tttores
3	Favorecer a participación de todos os estamentos do centro no deseño dos plans con incidencia na orientación.	Orientador X. de Estudos	E. Directivo Claustro, CCP
4	Facilitar o labor dos titores e do profesorado en xeral no desenvolvemento do POAP, aportando estratexias, recursos e criterios de actuación.	Orientador CCP	Tttores Profesorado
5	Incrementar e mellorar os recursos dispoñibles no centro para o desenvolvemento da orientación académica e profesional, especialmente no uso das TICs	Orientador	E. Directivo Dep. N. Tecn.
6	Potenciar o seguimento e atención individual do alumnado cunha orientación académica e profesional personalizada.	Orientador	X. de Estudos Tttores
7	Desenvolver experiencias de innovación e mellora no ámbito da orientación académica e profesional.	Orientador	X. de Estudos Profesorado
8	Mellorar de forma continua a calidade das intervencións do Departamento de	Orientador	Membros do

	Orientación no ámbito da orientación académica e profesional.		D.O
--	---	--	-----

Obxectivos específicos para o curso		Responsable	Implicados
1	Favorecer a adaptación da comunidade educativa ás novidades que implica o desenvolvemento da LOE, dentro das funcións de asesoramento educativo que o Departamento de Orientación ten encomendadas.	Orientador X. de Estudos	E. Directivo Profesorado
	Establecer	Orientador E. Directivo	Titores Secretario
2	Asesoramento xeral de opcións académicas, saídas profesionais e elección vocacional. Actualización en función desenvolvemento LOE e LOU.	Orientador Titores	Titores Familias
3	Asesorar, informar e difundir entre o alumnado as ensinanzas de réxime especial (condicións de acceso, características, titulacións e oferta educativa).	Orientador Titores	Titores Familias
4	Colaboración cos titores dos alumnos que presentan máis necesidades específicas de apoio educativo e coas súas familias para facilitar que o itinerario académico e profesional destes alumnos se axuste o máis posible ás súas capacidades e intereses.	Orientador	Titores Familias
5	Seguir na liña de potenciar a a orientación do alumnado cara á elección responsable entre as diversas opcións que se lle presentan ao remate de cada etapa educativa sen ningún tipo de prexuízo ou discriminación.	Orientador Titores	Equipo docente Alumnado
6	Actualizar os recursos do Departamento relacionados coa orientación, especialmente no relacionado coas TICs.	Orientador	D. de Orientación.

4. ACTUACIÓNS COMÚNS A TODOS OS CURSOS

Tendo presente a normativa vixente, imos contemplar tres eixos de actuación principiais:

- As dirixidas o autoconecemento do alumnado e a desenvolver as capacidades implicadas no proceso de toma de decisións.
- Actuacións para facilitar ao alumnado información o máis actualizada posible sobre as distintas opcións educativas e profesionais relacionadas coas respectivas etapas nas que se atope o alumno.
- Actuacións para aproximar o alumnado ao mundo do traballo.

A) DESENVOLVEMENTO DAS CAPACIDADES IMPLICADAS NA TOMA DE DECISIONS.

Estas capacidades desenvolveranse ao longo de todo o proceso educativo por medio de actividades de aprendizaxe variadas. Prestamos especial atención a todo ao que o currículo, nun sentido amplo, pode aportar ao desenvolvemento da madurez vocacional a través dos distintos niveis de programación:

- Potenciando un autoconceito realista e positivo.
- Facilitando a toma de conciencia por parte dos alumnos das capacidades que adquiren coas aprendizaxes na clase.
- Adicando especial atención ás capacidades que facilitan a adquisición das habilidades para a toma de decisións (resolución de problemas, obtención e análise de información ...).

Seguiremos esta liña

- Facilitando que os alumnos adquiren unha conciencia axeitada das súas propias capacidades, do que mellor coñecen e dominan. A tal fin:

- Utilízanse nalgúns momentos procedementos de autoavaliación e coavaliación das aprendizaxes.
- Favorécense procedementos de avaliación baseados máis en criterios de aprendizaxe que no resultado de probas comparativas.

Integrando con realismo na práctica diaria no proceso ensino-aprendizaxe as competencias explicitadas no PAT de titoría-orientación do que salientamos:

CONTIDOS de COMPETENCIAS BÁSICAS ORIENTACIÓN	
Bloques	Temas
<p>1- O desenvolvemento persoal:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Crecemento persoal. • Disposición para afrontar problemas. • Toma de decisións. • Elaboración do proxecto persoal ao longo da vida. 	<p>A autoestima e autoconceito</p> <ul style="list-style-type: none"> • Expectativas propias e alleas. • Variables que inciden. • Autoconecemento. <p>Os sentimentos e as emocións</p> <ul style="list-style-type: none"> • Identificación e manexo das súas emocións que experimenta en relación cun mesmo e cos demais. • Autorregulación e Regulación. <p>Identidade de xénero</p> <ul style="list-style-type: none"> • Os Roles. • Autoimaxen. • Sistemas sexo xénero. <p>Habilidades sociais</p> <ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver habilidades sociais (eu e os outros). • De interacción social. • De expresión de sentimentos, emocións. <p>Potenciación de capacidades:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tipos de intelixencia. • Motivación. • Esfuerzo e rendemento. <p>Os dereitos humanos</p> <ul style="list-style-type: none"> • As ideas de homoxeneidade e diversidade. • A interculturalidade: identidade, diversidade cultural, racismo.
<p>4- A orientación profesional:</p> <p>A medida que progresa a escolarización van cobrando importancia as decisións que o alumno tomará con relación ao itinerario académico e ao seu futuro profesional, partindo do coñecemento de si mesmo e do mundo laboral.</p>	<p>- Proxecto profesional</p> <p>Metas e obxectivos Itinerario formativo Formación regulada e non regulada. Traballo e emprego O mercado laboral</p> <p>- Selección de información referente ao futuro profesional</p> <p>Buscar información utilizando diferentes fontes Ordenar e clasificar a información Actualizar a información gardada Valorar a relevancia da información obtida</p> <p>- Toma de decisións</p> <p>Identificar e definir a decisión a tomar</p>

	<p>Coñecer o que é importante para a persoa e para o que se quere conseguir</p> <p>Revisar a información que se ten e buscar nova información</p> <p>Valorar os riscos e vantaxes que supón a elección de cada alternativa</p> <p>Elaborar un plan de acción para conseguir o obxectivo proposto</p> <p>Diferenciar e Valorar a decisión e resultado</p>
--	--

- Priorizando na avaliación aqueles instrumentos e procedementos que faciliten que o alumnado poida interpretar axeitadamente o que significan as súas notas para posibilitar un coñecemento máis axustado das súas propias capacidades e unha interpretación correcta dos seus éxitos e fracasos.
- Favorecendo dende os distintos niveis do Proxecto Curricular un tratamento equilibrado e suficientemente amplo dende diversas áreas das capacidades recollidas nos obxectivos das etapas que están relacionadas coa toma de decisións.

B) COÑECEMENTO DAS DISTINTAS OPCIONS EDUCATIVAS E PROFESIONAIS.

Trátase de que o alumnado coñeza as opcións a curto, medio e longo prazo, analizando as posibilidades que se abren ou cerran con cada viero deseñando itinerarios.

C) APROXIMACIÓN AO MUNDO DO TRABALLO.

Con este tipo de actuacións pretendemos que o alumnado teña unha visión práctica e o máis real posible das características do mundo do traballo e que comprendan o valor e a utilidade do que aprenden no colexio, tanto a hora de acceder a un posto de traballo como para desenvolverse nel.

- Plantexando aprendizaxes prácticas e funcionais e poñéndoos en relación con actividades profesionais.
- Plantexando nalgunhas materias traballos e actividades individuais ou en grupo nos que os alumnos deben buscar datos e informacións relacionadas co mundo do traballo e o emprego.
- Desenvolvendo na titoría grupal actividades específicas a tal fin (visitas de exalumnos, pais de diversas profesións, Internet ...).
- Aproveitando as visitas que dende algunhas materias se fan á industrias ou centros de traballo.

Nese contexto, precisamos:

<i>Accións de colaboración co Equipo Directivo</i>		<i>Responsable</i>	<i>Implicados</i>
	Reunión periódica co Equipo Directivo para coordinar e dinamizar as actuacións e iniciativas que se tomen no ámbito da orientación.	Orientador	E. Directivo
	Colaborar con el Equipo Directivo e titores na organización de charlas e visitas relacionadas coa orientación académica e profesional.	Orientador	E.Directivo Titores
	Solicitud de directrices á CCP para la elaboración do POAP e a súa memoria.	Orientador	E. Directivo CCP
	Elaborar a memoria final do POAP coa colaboración da Xefatura de Estudos e propoñer as modificacións consecuentes.	Orientador	Titores X. de Estudos

<i>Accións de colaboración-atención aos titores e profesores</i>		<i>Responsable</i>	<i>Implicados</i>
--	--	--------------------	-------------------

1	Presentar ao comenzo do curso áos titores os eixos básicos do POAP e as liñas xerais de actuación.	Orientador	X. de Estudos Titores
2	Presentar as actividades de orientación a realizar ao longo do curso na hora semanal de tutoría grupal aos titores e aportar os recursos necesarios para o seu desenvolvemento nas reunións de titores que convoque a Xefatura de Estudos.	Orientador	X. de Estudos Titores
3	Colaboración cos titores na orientación personalizada, especialmente nos casos de alumnos en situación de desventaxa socio-educativa (do tipo que sexa).	Orientador	Titores
4	Colaborar cos titores de 4º ESO na elaboración do Consello Orientador preceptivo final da etapa.	Orientador	Titores X. de Estudos
5	Atención individualizada ás demandas de asesoramento dos titores.	Orientador	X. de Estudos
6	Apoiar aos titores no desenvolvemento de sesións de tutoría grupal dirixidas á orientación académica e profesional.	Orientador	Titores X. de Estudos
7	Creación, actualización e facilitación dos recursos que o Departamento pon a disposición da comunidade educativa relacionados coa orientación, especialmente os que implican as TICs	Orientador	Titores Comunidade

<i>Accións de colaboración-atención aos alumnos</i>		<i>Responsable</i>	<i>Implicados</i>
1	Atender as demandas de asesoramento e axuda que soliciten os alumnos.	Orientador	Alumnos
2	Facilitación de materiais informativo-orientativos aos alumnos en momentos puntuais do proceso orientativo e/ou cando eles os soliciten.	Orientador	Alumnos
3	Actualización permanente dos taboleiros de anuncios con información actualizada sobre orientación académica e profesional.	Orientador	Alumnos

<i>Accións de colaboración-atención aos pais.</i>		<i>Responsable</i>	<i>Implicados</i>
	Atención directa ás demandas de alumnos e pais relacionadas coa orientación: acción estudos, profesións, universidades...	Orientador	Titores
	Elaboración de información a proporcionar aos pais na reunión a celebrar en abril sobre as opcións académicas ao finalizar o curso.	Orientador	E. Directivo Titores

5. ACTUACIÓNES ESPECÍFICAS POR CURSO. SECUENCIACIÓN

1º ESO
<ul style="list-style-type: none"> ❖ Coñecemento das opcións do Sistema Educativo I ❖ Mellora do autoconecemento I. ❖ Desenvolvemento de estratexias de toma de decisións I.
2º ESO
<ul style="list-style-type: none"> ❖ Coñecemento das opcións do Sistema Educativo II. ❖ Mellora do autoconecemento II. ❖ Desenvolvemento de estratexias de toma de decisións II. ❖ Opcións para alumnado con 16 anos en 2º ESO. ❖ Optatividade en 3º ESO.
3º ESO
<ul style="list-style-type: none"> ❖ Iniciación do programa ¿E DESPOIS DA ESO...QUE? ❖ Optatividade en 4º ESO ❖ Informe orientador.
4º ESO
<ul style="list-style-type: none"> ❖ PROGRAMA: ¿E DESPOIS DA ESO...QUE?

- ☞ Reflexión sobre si mesmo
- ☞ Búsqueda e coñecemento de alternativas
- ☞ Diagnóstico de aptitudes e intereses
- ☞ Toma de decisións responsables
- ☞ Informe orientador.

1º BACHARELATO

- ❖ Plan informativo para desenvolver en sesións grupais e en atención personalizada ao longo do curso. Acutalización normativa.
- ❖ Acceso a FP superior (1º trimestre)
- ❖ Acceso á carreira universitaria: novidades e títulos de grao (1º trimestre)
- ❖ Nota de acceso á universidade e “nota de corte” (2º trimestre)
- ❖ Opcións académicas en 2º de Bacharelato (2º trimestre)
- ❖ Materias vinculadas ás probas de selectividade (2º trimestre)
- ❖ Posibilidade de cambio de opción (3º trimestre)
- ❖ Ficha do itinerario elixido para 2º Bacharelato (3º trimestre)

2º BACHARELATO

- ❖ Plan informativo para desenvolver en sesións grupais e en atención personalizada ao longo do 1º e 2º trimestres preferentemente. Acutalización LOU
 - Plans universitarios. Actualidade títulos de grao
 - Ciclos Formativos de Grao Superior.
 - Ensinanzas artísticas.
 - Outros estudos
 - Becas e axudas
 - Probas de selectividade e acceso á universidade.

Para mellorar o coñecemento dos obxectivos e contidos das características e materias do curso seguinte propoñemos tres vieiros complementarios:

- O titor/a informa ao alumnado do grupo axudándose da información escrita propia e/ou transmitida polo departamento de orientación.
- Sobre as materias que se imparten tanto en 3º como en 4º, o propio profesor de 2º e 3º transmite ao alumnado do grupo a información máis relevante en distintos momentos do curso (e se é preciso en sesións monográficas).
- O profesorado de materias do curso seguinte colabora cos titores de 2º e 3º para informar aos alumnos nas sesións de titoría, sempre coa colaboración do orientador e seguindo as directrices da CCP.
- Os alumnos/as con poucas posibilidades de promocionar ao curso seguinte son obxecto dunha atención máis individualizada.

Para a mellor organización das seccións de 4º ESO no 09-10, na segunda quincena de maio, ao máis tardar, o equipo de titores en coordinación coa X. de Estudos, fará un listado do alumnado coas súas preferenzas.

Sen prexuízo da súa necesidade en casos específicos, en 3º e 4º ESO darase un **informe de orientación** con carácter xeral a todo o alumnado.

6. CONTIDOS DE EDUCACIÓN SOCIO-LABORAL A DESENVOLVER DENDE AS DISTINTAS ÁREAS.

É desexable e recomendable que os conceptos, procedementos e actitudes relacionados co campo da orientación profesional sexan presentados ós alumnos conxuntamente co resto dos contidos propios das diferentes áreas/materias curriculares.

Coa intención de facilita-la integración destes contidos sinalamos aqueles que pola súa formulación son compatibles, complementarios e integrables cos marcados nos Deseños Curricular Base.

A) CONTIDOS A INTEGRAR NA ÁREA DE LINGUA E LITERATURA.

1. Descrición de traballos, de profesións e oficios diversos.
2. Estructuración formal e semántica dos impresos, instancias, cartas de presentación, solicitudes de traballo utilizadas no mundo laboral.
3. Análise de documentos e escritos diversos relacionados con actividades laborais (anuncios de traballo, artigos de periódicos, conflitos laborais, etc.
4. Estudo da linguaxe dos contratos de traballo. Comparación da terminoloxía empregada coa lingua cotiá e co empregado noutras fontes escritas.
5. Código lingüístico e actividade laboral. Estilos da linguaxe e argot das diversas profesións e oficios.
6. Creación e organización de campos semánticos coas profesións e oficios coñecidos polos alumnos e cos que descubran mediante indagación en diversas fontes.
7. Uso do dicionario para buscar o significado de profesións e oficios. Comparación das definicións atopadas cos conceptos que delas tiñan os alumnos e coa diversidade de labores que na vida activa son feitas por ditos profesionais.
8. Problemática sociolaboral na literatura.
9. Elaboración de currículum vitae.

B) CONTIDOS A INTEGRAR NA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA.

1. Valoración do dominio de linguas estranxeiras no seguimento de estudos universitarios e na reciclase profesional en xeral.
2. Incidencia do dominio dun segundo idioma na vida e posibilidades laborais de diversos profesionais.
3. Redacción de cartas para solicitar informacións sobre estudos, traballos e profesións nos países nos que se fala a lingua estudiada.
4. Posibilidades que ofrece a lingua extranxeira no mundo académico e laboral.
5. Lectura e análise de anuncios e outros escritos de xornais na lingua extranxeira, sobre cuestións laborais, sindicais, mercado de traballo, etc.

C) CONTIDOS A INTEGRAR NA ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA.

1. Profesións, oficios e traballos relacionados coa predición de fenómenos naturais e intervención nos procesos da natureza. (Meteorólogos, biólogos, químicos...).
2. Conceptos previos cos alumnos teñen sobre estas profesións e traballos.
3. Análise e valoración dos modos de vida destas profesións.
4. Os ciclos naturais e o traballo. A súa influencia en determinadas profesións. (Xornaleiros, sector turístico, pescadores e industrias condicionadas por estes ciclos).
5. Sensibilidade polos problemas ambientais xurdidos como consecuencia da actividade industrial. Toma de posición dende a perspectiva profesional e laboral.

6. Enerxía e traballo. As fontes enerxéticas e as crises económicas. A súa influencia na vida sociolaboral e no emprego.
7. Enerxías alternativas e intereses económicos. Novas profesións.
8. Sensibilidade pola orde e limpeza do lugar de traballo e do material a través do traballo de laboratorio e clase.
9. Valoración das profesións e do traballo produtivo, dende variables non só economicistas senon de outra índole como a satisfacción persoal, a súa utilidade social, respecto ó medio natural, etc.

D) CONTIDOS A INTEGRAR NA ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS.

O deseño curricular das materias que constituen esta área alberga contidos, actividades e estratexias idóneas para conseguirla autoorientación profesional dos alumnos.

Especificamos algúns dos que poden inserirse con facilidade nos diversos temas xerais desta área:

1. Profesións e científicos sociais: Sociólogos, economistas, educadores ...
2. O traballo social. Satisfacción e realización persoal máis alá dos incentivos económicos.
3. Demografía e traballo. Política demográfica e necesidades económico laborais.
4. Evolución, situación e perspectivas do traballo agrícola en España e na CEE.
5. A comercialización como xeradora de riqueza e de postos de traballo.
6. O traballo no sector servicios.
7. Traballo nas áreas urbanas e nas áreas rurais. Problemas específicos.
8. Empresas e traballadores do ocio: Un mundo laboral en expansión.
9. Conceptos básicos da economía de mercado: Libre mercado, concertación laboral, demanda, oferta, crise
10. A reconversión industrial: O peche de empresas. Análise de casos concretos.
11. Autocreación de postos de traballo. Traballo liberal e cooperativismo.

E) CONTIDOS A INTEGRAR NA ÁREA DE MATEMÁTICAS.

6. O papel das matemáticas na vida cotiá e nas Ciencias Sociais e Experimentais.
7. Traballos matemáticos diversos a partir de noticias ou anuncios sobre demandas e ofertas de emprego.
8. Construción de gráficas nas que aparezan reflectidas situacións laborais da localidade, comarca, etc. Estudio comparativo
9. Utilidade das matemáticas para certas profesións.
10. Estudos universitarios nos que as matemáticas ocupan un lugar destacado.

F) CONTIDOS A INTEGRAR NA ÁREA DE TECNOLOXÍA.

1. Enumeración de oficios e profesións que teñan unha relación directa coa tecnoloxía. Selección das que máis interesan ós alumnos e descubrimento dos camiños para cegar a eles a través do sistema educativo e produtivo.
2. Estudio do contexto produtivo e profesional do entorno dos alumnos. Evolución e perspectivas.
3. A formación tecnolóxica no sistema educativo actual.
4. A formación tecnolóxica nas empresas.
5. Acordos e convenios empresa-sistema educativo para a formación tecnolóxica dos estudantes.
6. As carreiras técnicas.

G) CONTIDOS A INTEGRAR NA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA.

1. O deporte como profesión ou oficio. Mitos e realidades.
2. Profesións e oficios relacionados co deporte: Entrenadores, técnicos, xuíces, árbitros, xestores deportivos, médicos, psicólogos, etc.
3. O coidado e mantemento de instalacións deportivas: Un pequeno sector de traballo en aumento.
4. O interese económico do deporte
5. A práctica deportiva como superación persoal.
6. Potenciación do autoconceito e autocontrol por medio da actividade física.

7. COORDINACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

1º A través das reunións periódicas dos titores coa Xefatura de Estudos e o Orientador previstas, articularanse os recursos persoais e materiais e o asesoramento e apoio necesario para que sexa posible o desenvolvemento dos plans dunha forma efectiva e coordinada.

2º Ao longo do curso, a Xefatura de Estudos e o Orientador irán facendo un seguimento do desenvolvemento dos plans para introduci-los axustes necesarios.

3º O Departamento de Orientación terá presente estes criterios de avaliación:

➤ Procedencia de datos

Pensamos utilizar os datos suministrados por:

- Persoas implicadas no seu deseño e/ou desenvolvemento: departamento, titores, profesores.
- Destinatarios: profesores, alumnos, pais.

➤ Instrumentos para a recollida de datos:

- Intercambios orais
- Escalas e cuestionarios
- Entrevistas

➤ Criterios:

Como criterios de avaliación para determinar a calidade do Plan de Orientación consideraremos os seguintes aspectos:

- Adecuación do Plan ás necesidades reais do Centro
- Logros acadados co referente dos obxectivos previstos
- Adecuación da temporalización
- Nivel de colaboración e participación dos distintos estamentos da comunidade educativa
- Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento

Cos datos recollidos trimestralmente elaborárase a memoria ao finalizar o curso.

8. RECURSOS E MATERIAIS.

- Material recompilado e adaptado polo Departamento de Orientación e propio do titor/profesorado.
- Material confeccionado polo Departamento de Orientación. (Fichas, cadernos, dípticos, CD, PPT ...)
- Páxina web de Departamento de Orientación: www.terra.es/personal5/professn10 e Blogs do Centro www.colexiosannarciso.com
- Páxinas web seleccionadas polo departamento.
- Orientación Académica y Profesional. Manual para la tutoría. Comunidad de Madrid.
- Material facilitado por distintas universidades e centros de estudo superiores.

Marín, 15 de outubro de 2008